


## INFORME SOBRE O PROXECTO DO PORTO DE ALDAN

Este informe trata sobre o proxecto de remodelación de zona portuaria de Aldán e mellora do abrigo, e é un intecto de esclarecer e achegar a información pública un mais dos proxectos que os políticos nos intentan meter polos ollos aínda que vulneren a legalidade vixente ou produzan danos irreparables como os que aparecen nos informes que o proceso administrativo lles obriga a presentar.

O informe de impacto ambiental foi presentado a exposición pública o dende o 18 de Decembro de 2004 ao 18 de Xaneiro de 2005, período no que se podían presentar alegacións.



Luita Verde, a asociación ecoloxista do Morrazo, presentou alegacións e non foi contestada

As alegacións de Luita Verde expoñen:

1. A cartografía do informe non é escala 1 : 50.000 como sería o legal.
2. Tampouco se acompaña o proxecto, que recoñece que non existe e da por válido un anteprojecto, o que é ilegal
3. As obras se iniciaron, fixeron a base do dique, sen cumprir os trámites



4. Tanto a alternativa 1 como a 2, escollida a pesar de que é a que mais impacto provoca non cumpren co espírito da normativa de impacto ambiental, que a protección da calidade de vida, a protección da biodiversidade e a de conservar a capacidade de reprodución do sistema como recurso fundamental da vida.
5. O incremento do actual perímetro nun 300% non é xustificable por un hipotético aumento da actividade extractiva.
6. O estudo reconece a erosión e acumulación de area en diferentes zonas ocupadas por bancos marisqueiros, sen recoller ningunha medida correctora para este impacto ambiental irreversible e permanente.
7. O estudo intenta desvalorizar o medio natural calificando estas praias de urbanas con baixa afluencia turística, e minimizar o impacto paisaxístico, obviando por exemplo que se observará directamente dende o mirador do Cruceiro de Hio.

Aparece criticado tamén por Ecoloxistas en Acción na súa proclamación de bandeiras

negras :

A veciña ría de Vigo acumula unha bandeira negra e tres puntos negros, denunciándose os continuos proxectos de ampliación do porto, o insuficiente sistema de depuración e a creación de novos portos deportivos: "un número insustentábel de prazas de amarre. A ampliación de portos industriais e a instalación de industrias coma a cementeira de Rande, ademais dos portos deportivos de Vilaboa, Domaio, Aldán, Moaña e Cangas aparecen tamén entre as críticas á situación desta ría.

Parece que non se decatan moito de en que ría está Aldán, e mesmo son sospeitosos de ser lanzadores de globos sonda para mirar a oposición a determinados proxectos, o que nos faría pensar en algunha das posibles utilizacións da remodelación.

O informe de Impacto Ambiental foi realizado pola empresa Centro de Estudios

Submarinos S.L. aínda que en internet atopamos unha empresa chamada HDTMA S.L. que se



atribúe a realización de un estudio de impacto ambiental na costa pola ampliación do Porto de Aldán.

A primeira irregularidade de importancia é a execución dunha parte do proxecto, a ampliación de superficie do peirao de Aldán, antes de estar completado o proceso administrativo e de exposición pública. Esta ampliación se fixo a costa de unha importante afección a pequena praia que se atopa detrás do peirao en dirección norte (praia da Punta do Con). O informe de Impacto, ironicamente, pronostica o seu crecemento por acumulación de sedimentos.

Do proxecto definitivo non se sabe nada, non se adxuntou co informe de impacto ambiental como é preceptivo e parece pertencer aos temas dos que a xente non debe saber.

O informe recoñece o cambio da morfoloxía das praias, de carácter irreversible, producíndose un basculamento da area, que se mirará erosionada na praia de Vilariño, no seu lado Oeste, preto do peirao de Río Esteiro, e se acumulará nas praias dos Picos e San Cibrán. Curiosamente califica o impacto de moderado.

A superficie marisqueira afectada pola obra é de 200.000 m<sup>2</sup>, e decir a totalidade da autorización marisqueira a pé de Aldán, recoñece que a erosión vai a afectar ao banco de ameixa fina nos arredores de Río Esteiro e que en San Cibrán se vai a depositar sedimento durante un período de 4 ou 5 anos. Tamén califica o impacto de moderado.

O impacto nas canteira é irreversible, o impacto paisaxístico é irreversible.

Non se presentan alternativas, e estudiando dúas opcións, unha prolongación recta de 50 m e a mesma mais un tramo de 40 m en ángulo, chega a conclusión que non hai moita diferenza no impacto, polo que recomenda a segunda.



Algo non cadra en este estudio, sobre todo a calificación de impacto moderado, cando a Dirección General de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente pediu que se almacenaran 50.000 Toneladas de area en previsión de posibles problemas (La Voz 03/06/2005). No mesmo artigo da Voz se recorda:

Años atrás, a raíz de la construcción de un pequeño atraque en la dársena, se vació de arena la playa que es hoy el relleno que hay frente a la nave de deportes náuticos. La playa de Arneles , vecina a Vilariño, tiene también problemas de movimiento de la arena.

El 08/06/2005 La Voz volta ó tema decindo que Costas está disposta a renunciar ao aval da area:

La ampliación del muelle de Aldán parece estar en vías de solución. Costas está dispuesta a renunciar a su exigencia de depositar 50.000 toneladas de arena por si al prolongar el muelle pierde arena la playa de Vilariño. La jefa del servicio provincial, Cristina de Paz, se reunirá el jueves con el alcalde cangués para preparar la entrevista de Sotelo con el director general el día 14. La diputada del PSOE Carmen Gallego medió en el conflicto. Asegura que Costas está pendiente de que Portos de Galicia le remita de nuevo el proyecto sin incluir el aval de la arena. Entretanto, las dos asociaciones de bateiros de Aldán se sumaron a las quejas de la cofradía y reclaman la ampliación urgente del muelle. El colectivo ecologista Luita Verde, por su parte, presentó alegaciones al estudio de impacto asociado a este proyecto. No obtuvo respuesta de Portos, por lo que acudió al Valedor do Pobo, que reclama a dicho organismo el correspondiente informe. Luita Verde advierte sobre el impacto que causará la ampliación del muelle.

El 16/062005 La Voz dí que Costas exige un novo estudio de Impacto Ambiental a Portos de Galicia.

A data de 13 de Setembro de 2005 Política Territorial reconece atraso nas obras debido a problemas da tramitación do impacto ambiental.

Nos, humildes cidadán de a pé, estamos lonxe de saber realmente o que está a suceder e qué proxectos reais se atopan nos caixóns ou sobre as mesas.

Os redactores dos proxectos e os estudos de impacto ambiental son foráneos e parece que direccionan o seu traballo a xustificar fins concretos, moitas veces alleos as necesidades reais dunha zona ou marcados polos caciques locais, así aparecen no informe opinións como



que a zona é privilexiada para o desenvolvemento turístico, aínda que recoñece que a incidencia do turismo na economía local é pouco relevante e que se debería planificar adecuadamente para evitar os efectos negativos do urbanismo sobre o medio natural, que é precisamente o principal atractivo da zona, e sobre os sectores productivos tradicionais.

Non aparecen estudos das necesidades reais da flota nin súa cuantificación, nin o estudo detallado dos mares e ventos realmente perigosos.

Os datos que poseemos son: Confraría de Aldán. 2001 34 embarcacións/baixura, 10/marisqueo a flote, 11/servicio bateas, 20 mariscadoras a pé, 12 mergulladores de navalla.

Os mares mais perigosos son os que poden entrar de NO nas colas dos frontes fríos, se estes son de forza excepcional, porque Corrubedo, Sálvora, a península do Grove e Ons protexen a entrada destes mares. Para estes mares, a zona mais protexida da ría é a zona de Ameixide, que era onde fondeaban nos séculos pasados as goletas de cabotaxe e altura, esta zona era chamada “o porto”.

Un fronte frío na súa fase de ventos de S e SO tamén poden ser perigosos pois entre a praia de Vilariño e o Peirao poden levantar ondas de mais de un metro, pero a ampliación proxectada aínda faría peor o efecto de este mar, o crear baldrasco de rebote.

Deberían por tanto estudiarse alternativas serias para unha maior seguridade das embarcacións e non só pensar na comodidade marabillosa dun pantalán.

En Ameixide ten que existir unha concesión que debe caducar por fin do uso para o que foi concedida e que pode voltar a dominio público. Sería cometido dos políticos locais facilitar terreo para a explotación dos recursos mariños, que é a nosa primeira e básica fonte de

ingresos e non favorecer os intereses especuladores ou perseguir espellismos dun futuro turístico que nas cifras se mostra utópico e irreal.

Se poderían estudar ademais outras alternativas como a creación de barreiras flotantes, existen pantaláns flotantes de formigón de resultados probados, aplicables para a cara SO e N do peirao de Aldán e para a zona de Ameixide, onde se poderían instalar pantaláns sen construír espigóns.

Outra opción sería unha prolongación do peirao sobre pilotes, que non afectara as correntes mariñas, e outra máis sería unha redistribución do polígono de bateas para que estas fixeran de barreira flotante ante o mar de NO, ben coas bateas tradicionais, ben cos tipos de bateas de nova tecnoloxía realizadas en tubo de polietileno.



O que parece claro é que as cousas se deben facer con claridade e escoitando a todo o que teña algo que dicir, non metendo primeiro a escavadora e comprando ou facendo calar despois aos afectados, que somos todos os habitantes da comarca e todos aqueles que veñen a visitarnos porque lles é atractivo tal como é agora mesmo.

Aldán a 04 de Outubro de 2005



Tiago Pérez Glez-Arís

Enxeñeiro Técnico Naval